

Masonería en Pontevedra: a loxa do Burgo

Xosé Álvarez Castro

A finais de 2012 e con motivo das obras do campo de Pasarón, foi derrubado o edificio do antigo cuartel da garda de asalto; este edificio tivo unha singular importancia histórica pois fora sé, durante un tempo, da loxa masónica pontevedresa Helenes nº 7. Neste artigo falaremos da súa historia, dos seus membros e das vicisitudes que sufriron logo do golpe militar de xullo de 1936.

Todo empezaba cando o día 28 de maio de 1930, contra as nove da noite, a policía detiña a un grupo de coñecidos pontevedreses cando saían da casa citada, número 70 do barrio do Burgo e propiedade do avogado Avelino Silva Güimil. Ás once efectúase un rexistro no que se obtén diversa documentación de signo masónico. Os detidos foron postos en liberdade ás catro da madrugada.

O feito deu lugar a numerosos comentarios e obrigou ao gobernador a facer pública unha nota oficial na que se afirmaba que facía dous meses que se tiñan novas das reunións *"hecho que llamaba la atención por la significación política de quienes celebraban esas reuniones en un extremo de la población, periódicamente y de un modo tan cuidadosamente secreto"*. Impuxo multas aos detidos e pasou o atestado ao xulgado de instrución que instruíu o sumario 88/30 por reunión clandestina e que acabaría sendo sobresido.



Antiga loxa no Burgo, posteriormente cuartel da Policía Armada

As persoas detidas e multadas, todas ligadas ao republicanismo local, foron: Avelino Silva (1000 pesetas), José Echeverría (500 pta), Joaquín Maqueira, Basilio Pintos, Joaquín Poza, Maximiliano Pérez Prego e Arturo Rey (todos con 250 pta).

A loxa **Helenes nº 7 de los Valles de Pontevedra**, aínda que algún autor fixa como data de creación o ano 1922, documentación consultada por min fixa a data a principios de 1929, pois nun escrito dirixido ao Triángulo Adelante nº 7 de Ourense, asinado por Amancio Caamaño e José Echeverría, comunícanlle que *"unos cuantos amigos de la Libertad y afiliados a nuestra muy amada Or.: nos hemos decidido a levantar en este Wall.: las*

columnas de un templo en honor del Gr.: A.: D.: U.: queriendo de este modo entrar en actividade mas.:" En xullo de 1929 tiña 10 afiliados e meses máis tarde constaban 18 na preceptiva comunicación de fundación, que asinan os citados, Caamaño como venerable mestre e Echeverría como secretario, ambos debían estar iniciados con anterioridade. A loxa Helenes 7 depende da **Gran Logia Regional del Noroeste de España** con sé en Xixón, creada en 1923 e que segue o rito escocés antigo e aceptado, composto por 33 graos.

Declaracións dalgúns compoñentes apuntan o papel destacado na creación da loxa que tivo Gerardo Abad Conde, avogado e

político do partido Radical, masón moi activo no proselitismo masónico, que foi quen lles insinuou a conveniencia da formación dunha loxa masónica para fins políticos; o comandante de Carabineiros Juan Cueto foi outro dos que máis pulou para darlle contido masónico a unhas reunións que naceran para loitar contra a ditadura de Primo de Rivera.

No rexistro da loxa do Burgo foron intervidos o regulamento da loxa, un libro de estatutos e regulamentos xerais do Gran Oriente Español, un libro de sesións celebradas dende o 3 de agosto de 1929 ata o 29 de maio de 1930, un caderno de asistentes ás xuntas, etc. Na comunicación que dirixe a *Gran Logia Regional del Noroeste de España* ao *Gran Consejo Federal Simbólico Wall:* de Sevilla en maio de 1930, dando conta das detencións no Burgo e pedindo accións de defensa e unha entrevista co ministro de Gobernación, confirma o sucedido: "*Se reunían, al parecer, como de costumbre en la casa del h.: Silva (siete hh.:) y a la salida, se encuentran con un retén de la policía, q (sic) los detiene y conduce a la comisaría,*

donde estuvieron desde las nueve de la noche hasta las cuatro de la mañana, entretanto se practicó un minucioso registro, incautándose del libro de actas, sellos, etc por donde se han enterado, como es consiguiente de los nombres prof.:, simb.:, acuerdos, trab.: realizados, etc levantándose una extensa acta de todo ello."


Na relación de iniciacións, exaltacións e baixas consultadas ata 1936, aparecen, entre outros, os seguintes membros, dos que indicamos a profesión e o seu nome simbólico na loxa: **Amancio Caamaño Cimadevila**, médico, *Servet*; **José Echeverría Nóvoa**, avogado, *Roura*; **Vicente García Temes**, avogado, *Viriato*; **Juan Cueto Ibáñez**, comandante de carabineiros, *Indarra*; **Joaquín Maquieira Fernández**, farmacéutico, *Ives-Delage*; **Manuel Pedreira Pazos**, mestre, *Rousseau*; **Maximiliano Pérez Prego**, procurador, *Claudio*; **Basilio Pintos Fonseca**, empregado, *Fraterno*; **Benigno Barros Martínez**, xornalista, *Gutenberg*; **Joaquín Poza Juncal**, avogado e xornalista, *Vergniaud*; **Arturo Rey Juncal**, xoieiro, *Victor*; **Jacinto Rey Castro**, empregado, *Nakens*; **Manuel**

Guillán Abalo, mestre, *Fermín Galán*; e **Avelino Silva Güimil**, avogado, *Abel*. Causan baixa a principios de 1930 por incumprimento dos deberes: **Andrés Corbal Hernández**, propietario e ex-alcalde, *Tenero*; **Isidoro Millán Mariño**, avogado, *Urco* e **Jesús Fonseca Buceta**, industrial, *Nazareth*. Causan alta procedentes do disolto Triángulo Solón de Marín: **Gonzalo Martín March**, *Igualdad*; **José Antonio Paz Martínez**, *Marconi*; **Salvador Mas Sastre**, *Lanuzá*; **Roberto Cob de la Guardia**, *Raúl*; **Pedro Escarabajal Peralta**, *Asdrúbal* e **José Bermejo Sánchez**, *Zozaya*.

As consecuencias das detencións do Burgo serían importantes logo do golpe militar. En 1937 noméase ao alférez de complemento do corpo xurídico militar Ángel Colmeiro Laforet como xuíz instrutor da causa 155/37 que tiña como obxectivo efectuar unha investigación de conxunto sobre as actividades da masonería en Galicia e Asturias. Colmeiro inicia as actuacións solicitando informes de distintos organismos e interrogando a todas as persoas que constaban como sospeitosas. Chega ás súas



Cuño da loxa Helenes 7



Símbolo da masonería



Cuño da loxa Helenes 7



Símbolo masónico

mans un informe da comisaría pontevedresa sobre a formación, en 1929, do grupo do que vimos tratando e do que afirma que formaban parte, entre outros, Caamaño, Echeverría, Silva, Maquieira, Cueto, Millán, Andrés Corbal, Arturo Rey e Joaquín Poza. A participación de Corbal e Millán deducían que era soamente por motivos políticos e que, ao cesar a Dictadura, deixarían de asistir e de cotizar; o resto do grupo, ao que se sumou Basilio Pintos, continuou reuníndose en distintos domicilios *"cuyas reuniones a la vez que políticas parece ser tenían también carácter Masónico."* En relación con José Echeverría, o informe afirma que a súa familia está detida e vixiada no seu domicilio nesta capital e que Joaquín Poza, Arturo Rey e Andrés Corbal xa faleceran.

A Falange pontevedresa remite un escrito con data do 26 de maio de 1937 e titulado *"Actividades masónicas en Pontevedra capital"* no que se relata o rexistro da loxa do Burgo e o achádego da súa documentación coa relación de afiliados e nomes que usaban; di que, logo de proclamada a

República, cobrara máis actividade tanto en propaganda política como masónica e ocupando algúns dos seus membros postos relevantes (Maquieira como presidente da Deputación, Echeverría de gobernador de varias provincias e delegado do goberno para Cataluña...). Tamén afirma que as reunións trasladáranse ao primeiro piso da imprenta de Joaquín Poza, na rúa de Don Filiberto, e que a loxa estaba integrada por elementos afiliados á ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) e apuntando a existencia de sospeitas sobre a pertenza á loxa de Bibiano Fernández Osorio Tafall, do médico do sanatorio da Lanzada Andrade Cimadevila e de Agustín Portela. Denuncia tamén o informe a falta de celo dalgúns autoridades pontevedresas na persecución de masóns, sinaladamente ao daquela gobernador civil Ricardo Macarrón *"del que por cierto los únicos que hablaban bien de el eran los izquierdistas."*

Algo de certo había na denuncia falanxista sobre tratos de favor, pois nos primeiros días tras o golpe non se fixeron xestións para incautarse de documentación masónica, senón bastante máis tarde, atopándose no rexistro da farmacia de Maquieira só algúns impresos e folletos de propaganda, corroborando o xuíz Colmeiro que *"por cuyo motivo se oyeron algunos comentarios sobre la actuación de algunas de las Autoridades de la citada capital."*

O mesmo xuíz no seu informe (causa 155/37) opina que *"A causa de la falta de criterio para penar las actividades de la secta*

se facilitaron pasaportes a determinados individuos que pudieron de esta manera salir de España para hacer una descarada propaganda en contra de nuestras ideas [...] se autorizó [en Pontevedra] la salida no solo del elemento que más se había significado por sus actividades masónicas [Maquieira] sino la de algún otro, que además de masón desempeñaba cargo directivo, en el año de 1936, en el Partido Socialista." [Federico Selgas].

Cando Colmeiro require a documentación incautada no Burgo, a secretaría da Audiencia Provincial non a atopa e ignora se foi devolta ao ser sobresido o procedemento, apuntando que o máis probable é que fora subtraída.

A sorte sufrida polos afiliados máis relevantes da Helenes nº 7 foi diversa: algúns como Arturo Rey, Andrés Corbal e Joaquín Poza xa faleceran antes do golpe militar, Maquieira foi detido o dezaseis de agosto e no mes de decembro impóñenlle unha multa de 5000 pesetas e facilitáranlle un pasaporte para América; de xeito insólito, foi un axente da policía á súa casa a recoller as pegadas dixitais e os datos para o pasaporte de xeito que se evitou que transcendese a súa marcha, posiblemente non sería allea a esta actuación o impedir que se levase a cabo a intención declarada da Falange pontevedresa de eliminalo; José Echeverría estaba na zona republicana, Amancio Caamaño, e Gonzalo Martín March, ex-gobernador de Ourense, foran fusilados tras consello de guerra, Juan Cueto foi condenado a

morte e fusilado en Bilbao en xuño do 37, Maximiliano Pérez Prego morreu de enfermidade no Hospital e os mestres Manuel Guillán e Manuel Pedreira foron "paseados" en outubro e setembro do 36 respectivamente.

O resto de afiliados sufriron detencións ou inhabilitacións, destacando o caso de Isidoro Millán que, a pesar da súa militancia dereitista e adhesión ao golpe militar nun primeiro momento, foi xulgado polo Tribunal Especial para a represión da Masonería e o Comunismo e condenado, por sentenza do sete de xullo de 1951, á pena de doce anos e un día e inhabilitación absoluta para desempeñar determinados cargos, porén o tribunal fixo constar que lles parecía excesiva a pena pola existencia de circunstancias favorables, como o escaso grao alcanzado na organización, o pronto apartamento da vida activa masónica, a súa baixa por falta de asistencia e a falla de celo masónico, polo que solicita a conmutación por seis meses e un día de prisión menor.

Sirvan estas liñas para lembrar a importancia que tivo na historia masónica pontevedresa o barrio do Burgo, limítrofe con Lérez, e tamén como unha pequena aproximación á represión sobre a masonería na Pontevedra posterior ao golpe militar do 36.



TRIBUNAL ESPECIAL PARA LA REPRESION DE LA MASONERIA Y EL COMUNISMO.

JUZGADO ESPECIAL N.º Uno

N.º del archivo _____ N.º del Juzgado _____

R.º _____

N.º del Tribunal _____ N.º del Reg. de la Presidencia del Gobierno _____

Encartado: _____

Detención _____ de _____ de _____

Prisión incondicional _____ de _____ de _____

Prisión atenuada _____ de _____ de _____

Fecha de incoación _____ de _____ de _____

Pase a la Fiscalía n.º _____ el _____ de _____ de _____

y se devolvió en _____ de _____ de _____

Sentencia de _____ de _____ de _____ Pena _____

Propuesta _____

Resolución de presidencia _____

Pase a Ejecutorias en _____ de _____ de _____

Nota: Nos escritos masónicos é moi corrente a utilización de abreviaturas como os tres puntos dispostos de xeito triangular, posiblemente estean relacionados co número 3 ou o triángulo, que tanto se usan na simboloxía masónica. Nos textos deste artigo son facilmente recoñecidos os significados (Valle, hermano, orden, masónica, profanos, trabajos, simbólicos...). A referencia Gr.:A.:D.:U.: corresponde a Gran Arquitecto Del Universo.